

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL BOQUEIXÓN

Licitación servizo de limpeza en instalación educativas

1 Entidade adxudicadora:

- a. Organismo: Concello de Boqueixón
- b. Obtención de documentación e información:
 - 1 Servizo de Contratación
 - 2 Enderezo: Forte s/n 15881 Boqueixón
 - 3 Teléfono: 981 513061
 - 4 Fax: 981 513000
 - 5 Correo electrónico: contratacion@boqueixon.es
 - 6 Perfil do contratista: www.boqueixon.es

2 Obxecto do contrato

- a Tipo: Servizo
- b Descrición do obxecto: Servizo de limpeza das instalacións educativas do Concello de Boqueixón
- c Duración do contrato: 4 anos con posibilidade de ser prorrogado por outros 2 anos máis, ano a ano e, de mutuo acordo entre as partes.
- d CPV(Referencia de nomenclatura): 90911000-6

3 Tramitación e procedemento:

- a Tramitación: Ordinaria
- b Procedemento: Aberto
- c Criterios de valoración: único criterio de valoración: factor prezo.

Oferta económica – ata 50 puntos. Calcularase aplicando a fórmula elaborada polo Departamento de Matemática Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela e que a Deputación da Coruña utiliza para o cálculo das puntuacións nos seus procesos de contratación ([http://www. dicoruna.es/valoración/](http://www.dicoruna.es/valoración/))

4 Tipo de licitación:

Base licitación: 26.828,48 euros/ano
IVE (21%): 5.633,98 euros/ano
Total: 32.462,46 euros/ano
Valor estimado do contrato: 107.313,92 euros

5 Garantías esixidas:

Definitiva (%): 5% do importe de adxudicación

6 Requisitos específicos do contratista:

- a) Solvencia económica e financeira.

Acreditarase de acordo co establecido no art. 75 do TRLCSP polo volume de negocios no ámbito de actividades co-respondente ao obxecto do contrato, referida ó ano de maior volume de negocio dos tres últimos anos, que deberá ser ó menos dunha vez e media o valor anual medio do contrato, para o que deberán presentarse as contas anuais aprobadas tal como establece o art. 11.4 a) do Regulamento da Lei de contratos.

- b) Solvencia técnica e profesional.

Acreditarase, de acordo co establecido no artigo 78 do TRLCSP, con relación ó art. 11.4.b) do Regulamento da Lei de contratos, cunha relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos cinco anos que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado, dos mesmos. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante os correspondentes certificados expedidos polos órganos competentes.

7 Presentación de ofertas:

As propostas presentaranse dentro do prazo de 15 días naturais a contar desde o día seguinte á publicación do anuncio no BOP.

Lugar de presentación: no Rexistro do Concello de Boqueixón

8 Apertura de ofertas: Será no salón de plenos do Concello de Boqueixón e indicarse no perfil do contratista (www.boqueixon.es) a data e a hora de apertura.

Boqueixón, 15 de xaneiro de 2018

O alcalde

Manuel Fernández Munín

2018/371